

CIRCULAR FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

AXUDAS para adquirir LIBROS DE TEXTO e MATERIAL ESCOLAR

Curso 2021-2022

Estimadas familias: Na Orde do 6 de maio de 2021, publicada no **DOG do 20 de maio 2021**, régúlase a participación nas seguintes **CONVOCATORIAS**:

a) FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO: -

- Para o alumnado que cursará **3º, 4º, 5º e 6º de Primaria**:
 - Renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €: 6 libros.
 - Renda per cápita superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 4 libros.
- Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %: seis (6) libros con independencia da renda.

b) AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO:

- Para o alumnado que cursará **1º e 2º de E. Primaria**.
 - Renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €: 210€.
 - Renda per cápita superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 140€.
- Para o alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % (275€ con independencia da renda)
- Para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en 3º, 4º, 5º e 6º de EP (140 ou 210€ según renda) cando non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso en que estea matriculado.

c) AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR:

- Para todo o alumnado de **Primaria**:
 - Só poderán solicitar esta axuda as familias con renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros, que recibirán un vale de 50 euros.

- **PRAZO**: O ANTES POSIBLE.

PROCEDIMENTO DE PRESENTACIÓN:

- **No centro** en horario escolar:

1. A solicitude cuberta e asinada (que poden recoller na entrada do centro, xenerala na aplicación fondolibros ou descargala na páxina web do centro).
2. Toda a documentación requirida na convocatoria

- Por **Internet**, na sede electrónica da Xunta de Galicia:

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B>

(precisa Chave 365 ou certificado dixital)

- “Todas as actuacións ateranse aos **protocolos da Covid-19**”

- a. Hixiene de mans con xel hidroalcohólico a disposición.
- b. Distancia de seguridade.
- c. Material de desinfección á disposición.

ASPECTOS A LEMBRAR:

- A obriga dos beneficiarios de conservar en bo estado os libros de texto recibidos e devolvelos ao rematar o curso.
- A obriga de destinar o importe do vale á compra dos libros de texto que indique o centro e destinar o vale para material a adquirir o material escolar que precise.

NA PÁXINA WEB do colexio poderán consultar:

1. A **Orde** completa publicada no DOG do 20 de maio
2. O **acceso á sede dixital** para presentar telemáticamente.
3. O **acceso á aplicación fondolibros** para xenerar a solicitude.
4. O **impreso de solicitude** para imprimir e cubrir manualmente.
5. O **cálculo da renda per cápita** (con respecto á Renda 2019)
6. A documentación obrigatoria a presentar.

OUTROS PRAZOS Avisaremos en posteriores comunicados dos prazos para entrega e recollida dos libros e vales correspondentes.

En Ourense, a 20 de maio de 2021.

A dirección

